

Era eu e amais outro amigho, un veciño, un tal Manolo Ighlesias, éramos moi amighos. E resulta que o home, andaba mal de cartos coma min. E un día alí unha muller doulle un real. E xa o home quedou contento que xa tiña pa fumar, que nos ghustaba moito ós dous. E foi por onda min e dixo:

- Oi Mato, vou á taberna por aceite amais por ghas, e vou traer dous macillos amais unha caixa de cerillas.

E díxenlle eu:

- Bueno pois traino, traino que boa falta fai.

Porque andabamos fumando follas de carballo e follas de viña e fentos, e o tabaquiño sabía moi ben. E entonces o home cheghou á taberna, e díxolle ó, ó Avellón que era o taberneiro:

- Bótame aquí ghas e aquí aceite.

E o home era un home xa vello e botoulle na botella do ghas botoulle o aceite e na botella do aceite o ghas. E o rapás paghoulle e colleu un, uns macillos e máis unhas cerillas e veu ben contento pá casa. E veu por onda min e dixo:

- Oes? Xa temos tabaco.

Díxenlle eu:

- Bueno, pois boa falta fai, dame un petillo.

E doume un petillo e as cerillas e prendín e púxenme a fumare. Porque eu fumaba con moito coidado que non me vira miña nai. E el marchou prá casa e díxome:

- Oi! E onde vou aghacha-lo tabaco?

Díxenlle eu:

- Mira, agháchao alí no valo da cachopa, naquel burato – eu díxenllo porque así sabía onde o deixaba.

Díxenlle eu:

- Agháchao naquel burato, esto, porque senón se cho ve túa nai...
- No sí, claro.

E vaise o home e meteu o macillo no burato do valo, e o outro, o que tiña empezado, púxo o na ghorra. Ai, pero cheghou á casa e a nai ó que veu as botellas dixo...:

- Ai, Manolo! Ven acá. E ti que fixeche? Que trouxeches aquí?
- Trouxen o aceite e mailo ghas.
- Disghrasiado ghalopín mal raio te parta! E metíchelo ghas na botella do aceite e o aceite na do ghas!
- Eu no sei. Foi o Avillón.

- Que Avillón nin que... Ven acá!

Trás! Tróuxolle unha mascada e alá vaia ghorra no chan. Ai! Pero apareceu o tabaco.

- E esto onde veu?
- Eu non sei mamá, eu non o sei!

Pero o home xa escapando pa eira. Pero neste doulle unha patada no cu e ela apañou o tabaco. E resulta que o home saleu pa eira chorando e claro. E ó pouco veu onda min e díxome:

- Oi, sábelo que pasou? O Avillón botoume o ghas na botella do aceite e o aceite na do ghas e cheguei á casa e miña nai zoupoume e quitoume o macillo, e agora fun ó valo da cachopa xa non está o outro.

Díxenlle eu:

- Habíache ser Rosende que cho colleu.

E o que, que, o collera fora eu que non fora Rosende.